

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2014


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2014 foi do **0.55 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2013 que foi do 0.59 %. Continúa a tendencia decrecente xa que no 2012 este porcentaxe era do 0.60 %. Isto amosa que **o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que no concello nos tres últimos anos**.

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2014, Vimianzo conta cun 39.83 % (39.93 % no 2013) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 34.04 % (34.26 % no 2013) e Zas cun 26.13% (25.81 % no 2013). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas no concello de Zas (0.32 %) e descendeu nos de Camariñas (-0.22 %) e Vimianzo (-0.10 %). No ano anterior aumentara o porcentaxe nos concellos de Camariñas e Zas para descender no de Vimianzo.

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ó longo do ano 2014 non segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe en ambos sexos o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano no caso dos homes e, continuar descendendo no caso das mulleres.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 56.17% (55.32 % no 2013 e 54.23% no 2012) fronte ó 43.83% (44.68 % no 2013 e 45.77 % no 2012) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano ó igual que nos anos 2013 e 2012. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 0.85 % en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior. En números absolutos observamos unha diminución no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2014 foi de 310 mulleres, mentres que no 2013 foi de 355 paradas. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 242 homes, número inferior ós 287 do ano 2013. Observamos este ano un dato moi curioso, tanto a media de mulleres como a de homes desempregados diminuíu en 45 persoas respecto dos datos do ano anterior.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2014	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	271	320	591	108133
Segundo	252	314	566	98644
Terceiro	210	310	520	94247
Cuarto	234	295	529	99233

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	51	128	139	147	126	591
SEGUNDO	60	108	132	135	131	566
TERCEIRO	54	99	112	131	124	520
CUARTO	41	99	129	130	130	529

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos cun porcentaxe do 47.78 % (44.84 % no 2013) e o grupo de entre 25 - 44 anos cun 42.88 % (44.95 % no 2013) de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 9.34 % (10.21 % no 2013) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias do ano anterior vemos que diminúe o porcentaxe de persoas desempregadas nas franxas máis novas para aumentar entre as de máis de 45 anos, continuando a tendencia que xa observamos no 2013.




Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	24	72	83	82	59	320
SEGUNDO	24	60	85	80	65	314
TERCEIRO	26	61	77	78	68	310
CUARTO	14	55	79	75	72	295

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	27	56	56	65	67	271
SEGUNDO	36	48	47	55	66	252
TERCEIRO	28	38	35	53	56	210
CUARTO	27	44	50	55	58	234




O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade **agás** entre os **menores de 25 anos**, grupo no que os homes desempregados superan ás mulleres. As menores diferenzas por idades

obsérvanse entre as persoas desempregadas menores de 25 anos e o grupo de maiores de 55. No grupo de menores de 25 anos hai oito homes desempregados máis de media, mentres que entre os maiores de 55 anos temos unha diferenza de catro persoas, sendo

neste caso inferior o número de homes desempregados. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 35 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de 45 - 54 anos e entre os de maiores de 55, (57 e 62 desempregados, respectivamente de media). O ano pasado os maiores porcentaxes xa correspondían a estes mesmos grupos polo que vemos que continúa a tendencia. Os períodos de descenso do paro afectan



especialmente ós grupos de 25 - 34 anos e de 35 - 44 anos, agás nos meses de verán no que o descenso do número de desempregados menores de 25 anos é moi significativo. No cuarto trimestre do ano aumenta o número de desempregados en tódolos grupos de idade agás no de menores de 25 anos aínda que este descenso (unha persoa) non é significativo.



O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 59.38 % (62.84 % no 2013) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 26.07 % (22.91 % no 2013) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 1.90 % (2.38 % no 2013) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	3	6	1	11	0	9	0	12
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	5	8	7	8	6	9	4	7
FORMACIÓN PROFESIONAL	27	39	21	35	21	32	22	28
ENSINANZA OBRIGATORIA	52	94	60	89	51	90	54	85
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	184	173	163	171	132	170	154	163
TOTAL	271	320	252	314	210	310	234	295

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	22	27	49	19	29	48	19	21	40	18	30	48
SECTOR SECUNDARIO	38	14	52	37	12	49	57	15	72	35	13	48
SECTOR CONSTRUCCIÓN	9	127	136	10	104	114	8	81	89	8	85	93
SECTOR SERVICIOS	218	87	305	214	88	302	190	75	265	203	90	293
SEN EMPREGO ANTERIOR	33	16	49	34	19	53	36	18	54	31	16	47
CON EMPREGO ANTERIOR	287	255	542	280	233	513	274	192	466	264	218	482
Total	320	271	591	314	252	566	310	210	520	295	234	529

Máis do 90 % dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 10 % é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2013, no 2014 temos os mesmos porcentaxes entre as persoas demandantes de primeiro emprego e as que xa traballaron con anterioridade. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.





A maior cantidade de persoas desempregadas dáse no sector servizos e na construción. Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo o sector de análise. No segundo trimestre diminúe o número de persoas desempregadas nos catro principais sectores de actividade. No terceiro trimestre continúa esta tendencia en tódolos sectores agás na industria, na que aumenta o número de persoas desempregadas en 23. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de desempregados respecto do trimestre anterior en tódolos sectores agás en industria, sector no que o descenso no número de persoas desempregadas é moi significativo (-24), acadando case os mesmos valores de desemprego do segundo trimestre.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido do sector servizos, a continuación situaríase o sector primario e, para finalizar o secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector soe demandar mulleres.



A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	7	63	70	5	81	86	4	53	57	12	47	59
SECTOR SECUNDARIO	61	6	67	40	6	46	5	6	11	38	6	44
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1	7	8	0	12	12	0	17	17	0	11	11
SECTOR SERVICIOS	54	11	65	84	26	110	75	65	140	47	31	78
TOTAL	123	87	210	129	125	254	84	141	225	97	95	192




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre respecto do anterior en tódolos sectores agás no secundario. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación

con respecto ó trimestre anterior nos sectores da construción e no sector servizos, mentres que nos sectores primario e secundario temos unha diminución no número de contratos rexistrados, especialmente significativo no sector secundario (-35). No cuarto trimestre prodúcese un aumento nas contratacións dos sectores primario e secundario e un descenso na construción (-6) e, especialmente, no sector servizos (-62).


Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino (50.85 %). Este ano continúa a tendencia do ano pasado aínda que se reduciu considerablemente a diferenza porcentual (58.37 % no 2013 a favor dos homes). No 2012 tiñamos a tendencia contraria, sendo as mulleres as que asinaban o maior número de contratos (51.11%). Os sectores máis masculinizados son o sector primario e a construción. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto ós homes dáse no sector servizos e no sector secundario.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2014 as mulleres se incorporan ó mercado de traballo en maior número que os homes en tódolos trimestres do ano agás no terceiro (tempada de verán). A pesar disto, os bos resultados do terceiro trimestre dos homes fan que o porcentaxe de contratación masculina anual respecto da feminina sexa superior. No ano 2013, sen embargo, foron os homes os que conseguiron un contrato en maior número que as mulleres nos catro trimestres do ano. A maior diferenza nas contratacións masculinas obsérvase no terceiro trimestre do ano (+57 a favor dos homes), mentres que no 2012 era no segundo. A menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres prodúcese no derradeiro trimestre do ano, só dous contratos a maiores a favor das mulleres.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre o máis significativo é o alto número de contratos masculinos no sector primario. No caso das mulleres acádanse máis contratacións nos sectores secundario e no sector servizos.



Neste segundo trimestre é cando se producen o maior número de contratacións de todo o ano. Aumentan as contratacións masculinas en tódolos sectores agás no secundario no que se mantén o mesmo número de contratos que no trimestre anterior. No caso das mulleres diminúen os contratos en tódolos sectores agás no sector servizos. A pesar disto, o bo comportamento neste sector, fai que sexa este trimestre no que se contratan máis mulleres en todo o ano.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre (época de verán) é no que se produce o maior número de contratacións masculinas en todo o ano. Esta tendencia dáse en tódolos sectores agás no sector servizos no que as mulleres superan os homes. Aínda que este sector segue a estar feminizado temos unha diminución porcentual no peso das mulleres con respecto dos homes. A maior perda de contratacións entre as mulleres neste trimestre con respecto do trimestre anterior atopámola no sector secundario. Entre os homes este descenso dáse no sector primario pero os bos datos do sector servizos posibilitan as positivas cifras masculinas neste trimestre.



O cuarto trimestre é no que se realizan o menor número de contratacións en todo o ano. É neste trimestre no que se observa a menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres. Aínda que se produce un aumento no número de contratacións nos sectores primario e secundario, o descenso nos sectores da construción, e, especialmente, no sector servizos, fan que se acaden as menores cifras do ano.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	53	52		25
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE	15			18
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	10		2	
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	8	8	8	8
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	4	5	9	
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	4	4	3	4
CAMAREIROS ASALARIADOS	3	25	22	10
VENDEDORES A DOMICILIO	3		2	
PEÓNS DA PESCA	3	3		4
COCIÑEIROS ASALARIADOS	3	3	4	
MODELOS DE MODA, ARTE E PUBLICIDADE		10		
AXUDANTES DE COCIÑA		3	7	
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS		3		4
OUTRO PERSOAL DE LIMEZA			7	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			3	
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES			2	3
ACOMPAÑANTES TURÍSTICOS			2	
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			2	
EMPREGADOS DOMÉSTICOS				3
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS				5

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (20) (24 no 2013)

atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; vendedores en tendas e almacéns; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; traballadores dos coidados persoais a domicilio; camareiros asalariados; peóns da pesca; cocinheiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 35 % das ocupacións analizadas (16.67 % no 2013).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: modelos de moda, arte e publicidade; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; acompañantes turísticos; compositores, músicos e cantantes; empregados domésticos: mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: traballadores das industrias do peixe; operadores de máquinas de coser e bordar; vendedores a domicilio; axudantes de cociña; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; pescadores de augas costeiras e augas doces.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres salienta este ano dous epígrafes: operadores de máquinas de coser e bordar; e modelos de moda, arte e publicidade.

No primeiro caso salientamos a ocupación de operadores de máquinas de coser e bordar porque, despois da desaparición no 2013 entre as ocupacións máis contratadas de tódalas do sector téxtil, este ano aparece de novo unha ocupación do dito sector.

Salientamos tamén a ocupación de modelos de moda, arte e publicidade por segundo ano consecutivo, por tratarse dunha ocupación moi pouco común no concello xa que nos últimos dez anos só tiveramos esta ocupación entre as dez máis contratadas no primeiro trimestre do ano 2013. Como comentamos no estudo do dito ano, buscando a orixe destes datos observamos que as contratacións se producían todas no mes de marzo (abril no caso do 2014) e atopamos unha explicación clara no feito de que se trata das modelos que desfilaron na Mostra de Encaixe de Camariñas polo que estamos ante unha contratación moi puntual e de duración moi determinada.

Cadro nº9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	26	39	23	22
MARIÑEIRO DE PONTE, MARIÑEIRO DE MÁQUINAS E AFÍNS	18	21	11	11
PESCADORES DE ALTURA	12	11	8	3
PEÓNS DA PESCA	10	7	11	9
ALBANEIS	7	8	7	6
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	4			2
FERREIROS E FORXADORES	2			
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)	2			
CAMAREIROS ASALARIADOS		15	16	2
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS		3		2
TRABALLADORES CUALIFICADOS NA ACUICULTURA		3		
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS		2		
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		2		7
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS		2		3
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		2	5	
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			18	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			5	
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			4	2
PEÓNS FORESTAIS E DA CAZA			4	
OPERADORES DE MAQUINARIAS DE MOVEMENTO DE TERRAS E EQUIPOS SIMILARES				2
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS				14

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (21) (29 no 2013) atopamos 3 grupos pero só coinciden nove ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; pescadores de altura; peóns da pesca; albaneis; camareiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 28.57 % (20.69 % no 2013) das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: ferreiros e forxadores; carpinteiros (agás ebanistas); traballadores cualificados na acuicultura; vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; peóns forestais e da caza; operadores de maquinarias de movemento de terras e equipos similares; peóns das industrias manufactureiras.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: peóns de obras públicas; condutores asalariados de camións; traballadores das industrias do peixe; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; peóns da construción de edificios; compositores, músicos e cantantes.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar que a epígrafe outro persoal de limpeza faría referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Neste 2014 algunhas das ocupacións máis contratadas producen cifras bastante baixas de contratos, dato explicable polo nivel de contratación xeral municipal nun ano marcado principalmente pola crise económica a nivel mundial.


Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 20 ocupacións no caso das mulleres e 21 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en nove, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; camareiros asalariados; traballadores das industrias do peixe; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; compositores, músicos e cantantes; peóns das industrias manufactureiras.


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	179	179	170	164
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	142	143	138	128
Peóns de obras públicas, en xeral	126	135	129	122
Peóns forestais	89	92	89	79
Dependentes de comercio, en xeral	76	77	79	70
Asistentes domiciliarios	55	53	43	45
Pinches de cociña	47	44	45	39
Caixeiros de comercio	43	39	42	35
Repoñedores de hipermercado	35	37	39	40
Camareiros de pisos (hostalería)	31	34		32
Limpadores – preparadores de peixe para conservas			34	

Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	138	131	105	128
Peóns forestais	91	89	70	80
Albaneis	87	73	57	71
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	86	94	69	79
Peóns da construción de edificios	75	61	48	60
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	37	33	29	29
Encofradores	35	31	25	29
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	34	35	31	33
Mariñeiros de buque de pesca	28	29	21	27
Condutores de camións, en xeral	22			
Traballadores de retén de incendios forestais		20		
Mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos		20	20	
Pintores e/ou empapeladores		20		23





Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	130	14	144			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	15		15	49		49
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	37		37	154	10	164
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	80	33	113	44		44
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	28	18	46	197	33	230
OCUPACIÓN AGROFORESTALS		4	4	87	88	175
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		10	10		37	37
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	7		7			
OCUPACIÓN AGROALIMENTARIAS	33	9	42	9		9
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS		8	8	264	207	471
OCIO E TEMPO DE LECER	5	11	16			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA E ACUICULTURA	20	245	265		26	26
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		37	37		163	163
PROTECCION E SEGURIDADE		2	2			
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		2	2		11	11
OCUPAC. RELACIONADAS CO TURISMO	2		2			
SERVIZOS PROFESIONAIS	10		10			
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	12		12			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes;: traballadores dos coidados persoais a domicilio; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; vendedores a domicilio; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado; mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cocineiros asalariados; axudantes de cociña; pinches de cociña.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; empregados domésticos; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; camareiros de pisos (hostalería).

- Ocupacións agroforestais: peóns forestais; peóns forestais e da caza; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de camiós; condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camiós, en xeral.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios.
- Ocupacións agroalimentarias: traballadores das industrias do peixe; limpadores - preparadores de peixe para conservas.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral; peóns de obras públicas; operadores de maquinarias de movemento de terras e equipos similares.
- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento; compositores, músicos e cantantes.
- Ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura: peóns da pesca; pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; pescadores de altura; traballadores cualificados na acuicultura; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; ferreiros e forxadores; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Protección e seguridade: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: carpinteiros (agás ebanistas); pintores e / ou empapeladores.
- Ocupacións relacionadas co turismo: acompañantes turísticos.
- Servizos profesionais: modelos de moda, arte e publicidade.
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: operadores de máquinas de coser e bordar.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entre as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

- 1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
- 2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 7 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións de tipo administrativo; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade; ocupacións relacionadas co turismo; servizos profesionais; ocupacións relacionadas co sector téxtil. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.
- 3.- No caso das ocupacións relacionadas coa restauración; ocupacións agroalimentarias; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.
- 4.- Este ano non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara á demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peóns das industrias manufactureiras; peóns de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.